



EXCMO. CONCELLO

DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DA CIRCULACIÓN DOS CANS POLAS VÍAS E ESPACIOS PÚBLICOS.

O Pleno do Concello de Baiona aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da circulación dos cans polas vías e espazos públicos. Mediante anuncio no B.O.P., foi exposta ó público por un prazo de 30 días hábiles, sen que durante o mesmo foran presentadas reclamacións, polo que se considera definitivamente aprobada, dacordo co artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Reximen Local. Asimesmo ós efectos do artigo 196.2 do R.D. 2568/1986, publicase o texto íntegro da Ordenanza aprobada:

ARTIGO 1.

Cando as cans estean ou circulen por vías ou lugares de tránsito público irán suxeitos por unha cadea ou correa.

Están dispensados do requisito anterior os cans que se atopen nas seguintes circunstancias: a) os que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenroten esas actividades no ámbito rural, e b) os que, na compañía dunha persoa responsable, circulen fora dos núcleos urbanos por terreos agrícolas, forestais ou costeiros, sempre que non se dea presenza de terceiras persoas.

ARTIGO 2. USO DE BUCEIRA E MICROCHIP

Os cans levarán unha buceira para garanti-la tranquilidade e a integridade das persoas, sempre que pertencen as seguintes razas: American Staffordshire Terrier, Pitbull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tibet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (ca de bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu, Akita Inu.

Os cans, tanto os de Compañía como os potencialmente perigosos deberán levar ademáis un microchip identificativo homologado tal como sinala o Decreto 90/2002 de 28 de febreiro da Xunta de Galicia, cuido custo será por conta do propietario.

ARTIGO 3.

Está prohibida a circulación o estadía dos cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas no período que vai do 1 de xuño ó 30 de setembro de cada ano.

Exceptúanse desa prohibición os cans-guía de invidentes e minusválidos.

ARTIGO 4. LIMITACIÓNS NAS VÍAS PÚBLICAS

Os posuidores de cans deberán coidar de que non lixen as vías e espazos públicos coas súas deposicións. No caso de se produciren estas, están obrigados a limpares os excrementos de xeito inmediato e de forma axeitada desde o punto de vista hixiénico.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Está prohibido alimenta-los cans nas vías ou espazos públicos.

ARTIGO 5.

- **CONSTITÚEN INFRACIÓN MOI GRAVE:**
 - Non ter vacunado o can.
 - Abandoar o can.
 - Non usa-la buceira cando sexa obrigatoria.
 - Non ter sinalado o microchip homologado.
 - Non comunicar á Policía Local a agresión dun can.
- **CONSTITÚEN INFRACIÓN GRAVE:**
 - Non facilitar os datos do animal agresor á Policía Local.
 - Permitti-la circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha cadea ou correa.
 - Non recolle-los excrementos que os cans deponían nas vías e lugares públicos.
- **CONSTITÚEN INFRACIÓN LEVE:**
 - Aquelas que non estén tipificadas como grave ou moi grave.

ARTIGO 6. SANCIONES

- As infraccións moi graves, multa de 150 a 300 euros.
- As infraccións graves, multa de 90 a 150 euros.
- As infraccións leves, multa de 30 a 90 euros.

ARTIGO 7. ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza entrará en vigor logo que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.